

GUÍA

DE BOAS PRÁCTICAS
AMBIENTAIS XERAIS

ESPAZOS VERDES



Deputación
Pontevedra

Pontevedra, 13 de febreiro de 2020

Ante a situación de emerxencia climática, unha das cuestións máis urxentes que ten a nosa sociedade é darlle a necesaria resposta ao imparable cambio climático. Por iso, a **Deputación de Pontevedra** asumiu como prioritario contribuir a este gran reto global.

A institución provincial converteu a transición ecolóxica nun obxectivo transversal da acción de goberno; por este motivo, implantouse un sistema de xestión ambiental no Pazo provincial, que inclúe todos os servizos situados neste edificio: **Arquitectura; Asesoría Xurídica; Comunicación Institucional; Contratación, Facenda e Patrimonio; Cultura; Deportes; Intervención; Medio Ambiente; Prevención de Riscos Laborais; Recursos Humanos e Formación; Secretaría Xeral; e Tesourería.**

O sistema de xestión implantado demostra o compromiso da **Deputación de Pontevedra** coa mellora continua do comportamento ambiental e co cumprimento dos seguintes principios:

- **Garantir que se cumpran os requisitos legais** e outros que a institución subscriba no relativo á xestión ambiental.
- **Sensibilizar e formar** permanentemente as persoas para motivalas a que se sumen a este desafío imparable no que todas e todos somos necesarios.
- **Protexer o medio:**
 - o Minimizando o impacto ambiental dos nosos servizos:
 - Cun uso sostible dos recursos.
 - Coa redución das emisións atmosféricas.
 - Mediante a segregación en orixe dos residuos xerados.
 - o Comprometéndose coa prevención da contaminación.
- **Establecer obxectivos e accións** de mellora alcanzables. Dotar os servizos dos medios e recursos necesarios para conseguilos.

A presidencia da Deputación de Pontevedra comprométese a desenvolver os compromisos fixados nesta política e no propio sistema de xestión ambiental.

SELECCIÓN DE PLANTAS

- Utiliza especies autóctonas ou adaptadas ás características do contorno:
 - o Requiren menor mantemento.
 - o Precisan menos auga.
 - o Posúen maior resistencia a pragas e enfermidades.
 - o Contribúen a manter a diversidade biolóxica e xenética do noso contorno.
- Cómpraas en viveiros ou empresas que aseguren a calidade e procedencia dos seus produtos. Se é posible, traballa con provedores locais.
- Elix a maior variedade posible de especies para contribuír á biodiversidade.
- Coñece ben as características das especies seleccionadas e, de ser posible, seméntaas na época correspondente.
- Aproveita e respecta no posible as zonas silvestres do xardín.
- Ten precaución coas especies alóctonas que poidan ser invasoras, xa que poden poñer en perigo a supervivencia das especies autóctonas e ameazalas ao reducir o seu hábitat.



CONSUMO DE AUGA

- Realiza un bo deseño do xardín, no que se teñan en conta as características do terreo e a orixe e calidade da auga.
- Agrupa as especies segundo as súas necesidades hídricas.
- Reduce as perdas de auga por evaporación:
 - o Crea zonas de sombra.
 - o Axusta os horarios de rega; os momentos do día máis adecuados son o amencer e o anoitecer.
- Emprega sistemas de rega máis eficientes, coma a rega por aspersión, difusión ou rega localizada. Non descoides o seu mantemento e controla o seu bo funcionamento.
- Aproveita e reutiliza as augas, por exemplo, cun depósito de augas pluviais para a rega.
- Mantén o céspede arredor dos 6 cm, xa que isto reduce as necesidades de auga sen aumentar excesivamente a frecuencia de segas.




**Se instalamos sensores de choiva ou humidade e
programadores automáticos, podemos chegar a
aforrar ata un 90 % de auga**

CONSUMO ENERXÉTICO


- Utiliza equipos, maquinaria e vehículos de baixo consumo.
- Aplica criterios de conducción eficiente no vehículo de traballo.
- Realiza un bo mantemento da maquinaria e dos vehículos.

Lembra que os aceites de motor e lubricantes son residuos perigosos, polo que deben xestionalos xestores autorizados



EMPREGO DE AGROQUÍMICOS

- Coñece ben as características dos produtos que utilices:
 - o Le ben as fichas de seguridade.
 - o Sigue as normas de almacenamento, indicacións e doses establecidas polo fabricante.
 - o Desconfía dos produtos que non estean correctamente etiquetados.
- Almacena correctamente os envases de fitosanitarios en lugares pechados e específicos para este fin, ben iluminados, ventilados e baixo chave, protexidos da intemperie e do lume.
- Separa fisicamente no almacenamento os fertilizantes orgánicos dos fitosanitarios.
- Para determinadas pragas, e cando sexa posible tecnicamente, utiliza métodos de mostraxe que nos informen sobre a praga.
- Realiza un bo mantemento dos equipos utilizados para os tratamentos químicos.
- Busca os tratamentos coa máxima eficacia e a mínima contaminación ambiental.
- Utiliza os equipos de protección adecuados.
- Evita o uso excesivo de fertilizantes.
- Realiza podas preventivas e de saneamento para previr enfermidades por fungos.
- Na medida do posible, utiliza insecticidas ou fungicidas biolóxicos e produtos de curta persistencia no terreo.
- Non os apliques en condicións desfavorables de vento e choiva.



MANEXO DO SOLO

- Estuda e coñece as características do solo (textura, estrutura, pH, circulación da auga...).
- Fertiliza só o estritamente necesario en función das condicións climáticas, das necesidades das nosas plantas e do estado xeral e das características do solo.
- Non é conveniente arar en exceso a terra, xa que se volve máis vulnerable á erosión.
- Evita, na medida do posible, os fertilizantes químicos, emprega fertilizantes orgánicos e minerais naturais.
- Manexa correctamente a maquinaria en labores superficiais, regulando a profundidade de penetración e a velocidade para asegurar a aireación e garantir a fertilidade das capas superiores.



**Podes elaborar facilmente compost caseiro
con restos de comida, de poda e de xardinería**

BENEFICIOS DO COMPOST



- Reduce a cantidade de residuos xerados.
- Mellora a calidade e a estrutura do solo.
- Diminúe o efecto corrosivo da auga.
- Retén e almacena a auga, evitando así a súa evaporación.
- Ao non empregar produtos químicos, evita a contaminación do solo e das augas subterráneas.

RESIDUOS

RESIDUOS ASIMILABLES A URBANOS

- Dobra os cartóns antes de introducilos no colector de papel e cartón.
- Deposita no colector amarelo os envases que non conteñan substancias perigosas, baleiros e limpos, para reducir ao máximo o seu volume.
- Evita ou minimiza o uso de plástico:
 - o Substitúe as bolsas de plástico por bolsas ou caixas de cartón recicladas.
 - o Reutiliza testos, bandexas de polistireno, sementeiros e contedores.
 - o En caso de usar plástico, procura que sexa biodegradable.
- Deposita os recipientes de cristal baleiros, limpos e sen tapas no contedor de vidro.



REDUCE



REUTILIZA



RECICLA

RESIDUOS

RESTOS VEXETAIS DE PODA E XARDINERÍA

- Non deposites no contedor os restos vexetais, aproveítaos para fabricar compost.
- En caso contrario, deposita estes restos en colectores específicos para a súa posterior recollida e tratamento polo xestor de residuos. Se podes, lévao directamente a plantas de compostaxe.



RESIDUOS PERIGOSOS

- Non vertas, tires ou abandones de forma incontrolada estes residuos. Entréggallos a un xestor autorizado.
- Os envases baleiros de fitosanitarios e produtos perigosos non deben reutilizarse. Para evitar confusións, perfóraos ou esmágaos ata a súa entrega.

Son residuos perigosos os fitosanitarios e os seus envases, aceites, lubricantes, pilas...

Fontes:

- *Guía de buenas prácticas ambientales para una jardinería sostenible*. Concejalía de Medio Ambiente, Ayuntamiento de Puertollano
- *Guía de buenas prácticas ambientales: jardinería*. Fundación Biodiversidad, Fondo Social Europeo e Fundación Centro de Recursos Ambientales de Navarra.



Deputación
Pontevedra